



# BOP

VENRES, 8 DE MARZO DE 2019

N.º 056

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

Nedgia Galicia S.A solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.63377.

As obras solicitadas consisten nunha acometida de gas natural de 13,00 m de lonxitude na rúa Río Loiba, á altura do número 3, na zona de policía do rego de Loiba e dun rego innominado, na parroquia de Covas, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 21 de febreiro de 2018.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0624

### CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

##### *Anuncio*

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE DATA 4 DE MARZO DO 2019, POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, SE NOMEA AO DEFINITIVAMENTE AO TRIBUNAL, E SE MODIFICA A DATA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E A HORA DA CELEBRACIÓN DA PRIMEIRA PROBA DO PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN E PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA OCUPAR PROVISIONALMENTE UNHA PRAZA/POSTO/EMPREGO DE ADMINISTRATIVO DE XESTIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

Por resolución da Presidencia do Consorcio de data 19 de febreiro do 2019, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos, o nomeamento do Tribunal cualificador e data de realización da primeira proba do proceso de selección de persoal funcionario interino para ocupar provisionalmente unha praza/posto/emprego de Administrativo de Xestión Económico-administrativa para prestar servizos no Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, o que foi publicado na páxina web e no taboleiro de anuncios do Consorcio o día 22 de febreiro do 2019

Con data 26 de febreiro do 2019, e unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no devandito proceso, teñen entrada no Rexistro deste Consorcio Provincial dúas novas solicitudes para participar no procedemento de selección.

Detectado erro material no cargo dun dos membros que compoñen o tribunal cualificador, así como recibida confirmación dos membros que figuraban como "*un/unha representante da Xunta de Galicia*", procede realizar o nomeamento definitivo dos membros do Tribunal cualificador.

Manifestada a dificultade de asistencia á data e hora de constitución do tribunal así como á hora de celebración da primeira proba por parte de algún dos membros do Tribunal cualificador nomeado para este proceso de selección, e aos efectos de garantir o quórum de asistencia do mesmo, procede modificar as citacións realizadas por resolución da Presidencia do Consorcio de data 19 de febreiro do 2019.

Recibido escrito de D. Xesús Manuel Rois Pena, aspirante admitido no proceso de selección, no que solicita a ampliación de tempo para a realización das probas do presente procedemento de selección pola concorrencia de circunstancias previstas na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, segundo acredita mediante certificación emitida ao efecto, procede a atender dita petición.

En base ao anteriormente exposto, a Presidencia do Consorcio adoptou, con data, 4 de marzo do 2019 a seguinte resolución:

1. Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao procedemento de selección de persoal funcionario interino para ocupar provisionalmente unha praza/posto/emprego de Administrativo de Xestión Económico-administrativa para prestar servizos no Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento:

**ASPIRANTES ADMITIDOS/AS:**

Nº	APELIDOS E NOME
1	ANDIÓN PENA JANET
2	ANDIÓN PENA NANCY
3	ARMESTO RODRÍGUEZ PABLO
4	CORRAL ESPÍÑO JOSÉ ANTONIO
5	DAPENA GIL ÁNGEL
6	DÍAZ GÓMEZ JUAN JOSÉ
7	ENCABO GONZÁLEZ PABLO MARÍA
8	EXÓSITO REODRÍGUEZ MÓNICA
9	FERNÁNDEZ CAMPOY ANDREA
10	FERNÁNDEZ CASTRO NOELIA
11	FERNÁNDEZ SÁNCHEZ LAURA
12	GARCÍA BECEIRO DIEGO
13	GARCÍA MÉNDEZ Mª ISABEL
14	GARRIDO FERNÁNDEZ ALBERTO
15	GONZÁLEZ GONZÁLEZ IVÁN
16	LÓPEZ MUIÑO ALMUDENA
17	NEIRA PALACIOS CRISTINA
18	OCAMPO PIÑEIRO ELENA
19	OSINDE VÁZQUEZ MÓNICA
20	RAMOS CABRER MERCEDES
21	REIGOSA LOMBAO AGOSTIÑO
22	RÍOS PENA XESÚS MANUEL
23	VENTOSA FERNÁNDEZ BEATRIZ

**ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS**

APELIDOS E NOME	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
COLLAZO DUBRA, JOSÉ DAVID	- Solicitud presentada fora de prazo
GARCÍA LIÑEIRO AIDA	- Solicitud presentada fora de prazo

2.- Aprobar definitivamente a composición do Tribunal cualificador que estará formado polos seguintes membros:

**PRESIDENTE:**

Titular: D. José Antonio Arias Lombardero, Coordinador da Unidade de Innovación e Participación Cidadá da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: D<sup>a</sup> Loreto Rodríguez Costas, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo.

**VOGAIS:**

Titular: D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Vila Vázquez, Xefa de Sección de Patrimonio da Deputación Provincial de Lugo

Suplente: D. Fernando Seijas Puga, Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Nistal Díaz, Xefa da Área Técnica de Emerxencias na Provincia de Lugo.

Suplente: D<sup>a</sup> Marta Barreiro Castro, Secretaria Territorial da Xunta de Galicia en Lugo.

Titular: D. Javier Ruiz de Almirón Schlung, Xefe de Servizo de Prevención de Incendios Forestais da en Lugo.

Suplente: D. Alejandro Fontele Pereira, Xefe de Servizo de Xustiza e Administración Local

**SECRETARIO:**

**Titular:** D. José Antonio Mourelle Cillero, Secretario-Interventor do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

**Suplente:** D<sup>a</sup> Elvira Tuñas Dugnot, Xefa de Sección de Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Deixar sen efecto a citación realizada mediante Resolución da Presidencia do Consorcio de data 19 de febreiro do 2019, ao Tribunal cualificador e aos/ás aspirantes admitidos/as no do proceso de selección de persoal funcionario interino para ocupar provisionalmente unha praza/posto/emprego de Administrativo de Xestión Económico-administrativa para prestar servizos no Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

4. Realizar unha nova citación aos membros do Tribunal para que comparezan no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo o **XOVES, DÍA 7 DE MARZO, ÁS 11:00 HORAS** no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo, ao obxecto de proceder a súa constitución

5. Realizar unha nova citación aos membros do Tribunal e máis aos aspirantes para que comparezan no Salón de Plenos da Deputación de Lugo, o **MARTES, DÍA 12 DE MARZO DO 2019, ÁS 12:00 HORAS**, para a realización da primeira proba.

6.- Conceder a ampliación de tempo para a realización das probas do presente procedemento de selección solicitada por D. Xesús Manuel Ríos Pena con data 7 de febreiro do 2019. Esta ampliación de tempo será, en cumprimento do sinalado na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, de quince minutos, para os exercicios que teñan unha duración de 60 minutos. No caso de que a duración da proba sexa distinta, o tempo para conceder aplicarase proporcionalmente

7.- Notificar o contido da presente resolución aos membros do Tribunal e ordenar á súa publicación no BOP de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento .

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, os aspirantes poderán interpoñer:

-Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Presidencia Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución no BOP de Lugo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

-Recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución no BOP de Lugo (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

No caso de interpoñer recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso – administrativo, será de dous meses desde a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, se fose expresa, ou de seis meses desde a súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo de un mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

- Todo o anterior sen prexuízo de que poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Lugo, 4 de marzo do 2019.- O SECRETARIO INTERVENTOR, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 664

**CONCELLOS****BALEIRA***Anuncio*

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira 27/02/2019 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes **ó 1º bimestre do 2019**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións. Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación. De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/03/2019 e 30/04/2019 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/03/2019. Ao

resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago. Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento **(no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia)** e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan. Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos

Baleira, 27 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0625

## BÓVEDA

### Anuncio

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o 2019 e comprensivo aquel de o Orzamento Xeral deste Concello, Bases de Execución, persoal de Persoal funcionario e laboral, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

#### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO DE GASTOS

CADRO RESUMO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN GASTOS
1	Gastos de persoal	622.957,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	740.323,00
3	Gastos financeiros	3.266,00
4	Transferencias correntes	19.305,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	25.000,00
6	Investimentos reais	5.823,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos Financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	1.671,00
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>1.418.345,00</b>

#### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO DE INGRESOS

CADRO RESUMO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN INGRESOS
1	Impostos Directos	416.800,00
2	Impostos Indirectos	50.010,00
3	Taxas e Outros Ingresos	282.938,00
4	Transferencias correntes	666.409,50
5	Ingresos Patrimoniais	2.173,00
6	Alleamento de Investimentos Reais	6,00
7	Transferencias de capital	6,00
8	Activos Financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	2,50
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>1.418.345,00</b>

#### CADRO DE PERSOAL

##### A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación	N.º plazas	Grupo	Nivel C.D.	Escala	Subescala	C.E.M.
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	01	A2	26	Habilitación Nacional	Secretaria-Intervención	1.268,69
ADMINISTRATIVOS	02	C1	22	Administración Xeral	Administrativo/a	1.048,72

C.E.M.-Complemento específico Mensual

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Denom. plaza	N.º plazas	Servizo
ENCARGADO SERVICIO MANTENEMENTO	01	Mantenemento de instalacións municipais
OPERARIO DE MANTENEMENTO-SEN CUBRIR	01	Mantenemento de instalacións municipais

PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denom. plaza	N.º plazas	Servizo
AUX. ADMINISTRATIVO	01	Oficinas municipais
TRABALLADORA SOCIAL	01	Servizos Sociais
AUX. ADMINISTRATIVO (1/2 xornada)-Sen cubrir	01	Servizos Sociais
AUX. AXUDA FOGAR-DEPENDENCIA	8	Servizos Sociais
AUX. PUNTO ATENCION INFANCIA (PAI)	02	Punto de Atención á Infancia
DIRECTORA P.A.I.	01	Punto de Atención á Infancia
ANIMADORA SOCIOCULTURAL	01	Protocolo, Cultura e Deportes
CONDUCTOR E BRIGADISTAS DO SERV. EXTINCION INCENDIOS FORESTAIS	7	Servizo de Extinción de incendios forestais
PEON	2	Servizo de parques e xardíns

RESUME

Denominación	N.º plazas
Funcionarios	3
Laboral Fijo	2
Laboral Temporal	23
Eventual	0
<b>TOTAL PLANTILLA:</b>	<b>28</b>

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Bóveda, 25 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Jose Manuel Arias Lopez.

R. 0626

BURELA

Anuncio

**APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/2019**

Aprobado inicialmente na sesión extraordinaria do Pleno deste concello, celebrada en data 27 de febreiro de 2019, o expediente de Modificación de créditos núm. 3/2019, na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a altas e baixas de créditos de persoal, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, se somete a información pública polo prazo de quince días a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido o devandito prazo non se houberen presentado alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito Acordo.

Burela, 28 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0627

## O INCIO

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 28 de febreiro de 2019, aprobose o PADRÓN DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE) correspondentes ao exercizo de 2018.

Por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes, obrigados ó pago do imposto antes citado, conforme ó disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria, que os padróns aprobados quedan expostos ó público (nas dependencias de recadación municipal en horario de 09:00 a 14:00 horas), durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalos e formula-las alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ó da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere oportuno.

### **PERÍODO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo R.D. 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como PRAZO DE INGRESO EN PERÍODO VOLUNTARIO, o comprendido entre os días 01 de marzo de 2019 e o 30 de abril de 2019, en horario de 09:00 a 14:00, de luns a venres, nas dependencias de recadación municipal, ou facendo o ingreso na conta do Concello, ES42 2080 0167 6131 1000 0036- ABANCA.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo, que determina a existencia dos xuros de mora, e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 da citada Lei, procedéndose á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5% cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ó debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de Edicto de Exposición ó Público dos Padróns e Anuncio de Cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no art. 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Incio, 28 de febreiro de 2019.- A alcaldesa Laura Celeiro García.

R. 0628

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

### **APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga xaneiro-febreiro 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Resolución de Alcaldía do día 26.02.2019 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do primeiro bimestre 2019 (xaneiro- febreiro).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 28.02.2018 ata o 30.04.2019.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web [www.aqualia.es](http://www.aqualia.es).

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 26 de febreiro de 2019.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0629

## OUROL

### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 19 de febreiro de 2019, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de XANEIRO de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** por importe de dous mil novecentos sesenta e seis euros con setenta e sete céntimos (2.966,77 €), dos que mil trescentos vinte e tres euros (1.323,00 €) corresponden a libre concorrencia e mil seiscentos corenta e tres euros con setenta e sete céntimos (1.643,77 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oural, 25 de febreiro de 2019.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 0630

### Anuncio

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol, en sesión extraordinaria celebrada o día 19 de febreiro de 2019, prestou aprobación aos seguintes Padróns:

- **Padrón da TAXA de AUGA correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2018.**

- **Padrón da TAXA de LIXO correspondente ao 1º TRIMESTRE de 2019.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fíxase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 1 de abril de 2019 ata o 3 de xuño de 2019, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oourol, 25 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 0631

## A POBRA DO BROLLÓN

### Anuncio

cumprido o tramite de exposición pública das ordenanzas que se indican a continuación sen que se presentase reclamación algunha consideráanse definitivamente aprobadas cos texto que figuran a continuación:

1.01ª.- **Ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles.**

#### Artigo 1.

Segundo o previsto na lexislación vixente en materia de tributos locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles neste Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.



**Artigo 2.**

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,50%.
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,50%.
3. O tipo de gravame para os Bens Inmóbles de Características Especiais queda fixado no 1,3%.

**Artigo 3.**

- 1.- Estarán exentos deste imposto os bens inmóbles de natureza urbana dos que a cota resultante en aplicación do tipo de gravame establecido no artigo anterior non supere a cantidade de 5,99€.
- 2.- Estarán exentos deste imposto os bens inmóbles de natureza rústica dos que, no seu conxunto para cada titular, a cota resultante en aplicación do tipo de gravame establecido no artigo anterior non supere a cantidade de 5,99€.

**Artigo 4.****4.1 Bonificación ás explotacións agrícolas e gandeiras**

1. Gozarán dunha bonificación do 40% da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan actividades económicas (agrícolas ou gandeiras) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno.
2. A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.
3. Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:
  - Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
  - Acreditación da titularidade catastral do inmovle.
  - Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.
- ~ Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza ou comunicación da actividade correspondente.
4. Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.
5. Os obrigados tributarios deberán comunicar ao concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do abrigado tributario por un prazo de dez días, (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dita prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

**4.2 Bonificación ás actividades económicas que xeren emprego**

- 1.- Gozarán dunha bonificación na porcentaxe que se indicará no punto 3, da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno.
- 2.- Dita bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.
- 3.- As porcentaxes a que se refire o punto 1, son as seguintes.

Porcentaxe	Condición
95%	Pola creación de máis de 20 postos de traballo.
75%	Pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
50%	Pola creación de ata 10 postos de traballo.

- 4.- A bonificación que se conceda terá aplicación durante tres exercicios orzamentarios.

5.- Os postos de traballo creados deberán manterse polo menos durante os exercicios de vixencia da bonificación.

6.- A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

7.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.

~ Licenza ou comunicación da actividade correspondente.

8.- Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

9.- Os obrigados tributarios deberán comunicar ao concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do abrigado tributario por un prazo de dez días, (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dita prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

#### **Artigo 5.**

Naquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección segunda, da Sección terceira, do Capítulo II do Título II do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

#### **Disposición final**

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinte e sete de marzo de dous mil dezaoto, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil dezanove, permanecendo en vigor ata a súa modificación u derogación.

#### **1.03ª.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.**

##### **Artigo 1º.- fundamento legal.**

De conformidade co disposto no artigo 15 e 59 punto 2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por R. D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo , o Concello da Pobra do Brollón establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que se esixirá conforme ao disposto nesta Ordenanza Fiscal.

##### **Artigo 2º.- natureza e feito imponible.**

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto, o seu feito imponible está constituído pola realización dentro do termo municipal de calquera construción, instalación ou obra, para a que se esixa, ou sexa esixible, a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivéranse ou non as correspondentes licenzas, sempre que a súa expedición corresponda ao Concello da Pobra do Brollón.

##### **Artigo 3º.- suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto a título de contribuíntes: As persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible no que esta se realiza. A efectos do disposto no apartado a), teñen a consideración de propietarios da construción, instalación ou obra quen soporten o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que as obras non fosen feitas polo suxeito pasivo, teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras. Os substitutos dos contribuíntes poderán repercutir naqueles a cota tributaria satisfeita.

3.- Os obrigados tributarios que non residan en España terán que nomear un representante con domicilio en territorio español e comunicarllo ao Concello no momento de solicitar a respectiva licenza de obra ou urbanística, ou antes do inicio da construción, instalación ou obra.

**Artigo 4º.- base imponible**

1. A base imponible do Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendendo por tal, o custo de execución material. Non forman parte da base imponible do imposto, de acordo co establecido no artigo 102 punto 1 do TRLRFL os seguintes custos:

- a) Imposto sobre o Valor Engadido.
  - b) As taxas, prezos públicos e outras prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra.
  - c) Os honorarios profesionais.
  - d) Os gastos xerais contemplados no artigo 131.1 letra a) do Regulamento xeral da lei de Contratos das administracións públicas.
  - e) O beneficio industrial do contratista.
2. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se dispoña da preceptiva licenza.

**Artigo 5º.- exencións.**

Estará exenta de pago do imposto, de acordo co establecido no artigo 100 punto 1 do RD. Lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo, a realización de calquera construción, instalación ou obra propiedade do Estado, da Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais que están suxeitas ao imposto e sempre e cando as ditas obras sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das augas residuais, aínda que a xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos e tanto si se trata de obras de inversión como de conservación.

**Artigo 6º.- cota tributaria**

1. A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 3,00%.
2. En ningún caso, a cota tributaria pode resultar inferior ás cotas mínimas seguintes que serán aplicables, en calquera caso, cando as derivadas da aplicación do tipo determinado no punto 1 deste artigo sexa inferior ás cotas mínimas.

Obras de carácter maior	120,00€
Obras menores	60,00€

Para establecer o carácter maior ou menor das construcións, instalacións ou obras se estará ao disposto no art. 14 do Regulamento de Disciplina Urbanística (decreto 28/1999 do 21 de Xaneiro).

**Artigo 7º.- bonificacións.****7.1 Bonificación aos bens protexidos ou de comunidades**

Gozarán dunha bonificación na cota do imposto, nas porcentaxes que a continuación se indican, as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer nelas as seguintes circunstancias:

Circunstancia	Bonificación
Obras de rehabilitación realizadas en edificios incluídos polo planeamento no catálogo de bens protexidos.	30%
Obras realizadas por comunidades veciñais, asociacións de veciños ou comunidades de montes	60%

As bonificacións deberán solicitarse simultaneamente á solicitude da licenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas. O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno co voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente. As devanditas bonificacións quedarán sen efectos de non cumprirse as condicións por razón das cales concedéronse as mesmas.

**7.2 Bonificación ás actividades económicas que xeren emprego.**

1.- Gozarán dunha bonificación na porcentaxe que se indicará no punto 3, da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno.

2.- Dita bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

3.- As porcentaxes a que se refire o punto 1, son as seguintes.

Porcentaxe	Condición
95%	Pola creación de máis de 20 postos de traballo.
75%	Pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
50%	Pola creación de ata 10 postos de traballo.

4.- Os postos de traballo creados deberán manterse polo menos durante tres exercicios.

5.- A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo.

6.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non ca suxeito pasivo.

- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.

~ Licenza ou comunicación da actividade correspondente.

7.- Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

8.- Os obrigados tributarios deberán comunicar ao concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do abrigado tributario por un prazo de dez días, (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dita prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

#### **Artigo 8º.- xestión.**

1. O imposto esixirase en réxime de autoliquidación, como forma da xestión da liquidación provisional a conta.

2. O solicitante dunha licenza para realizar as construcións, instalacións ou obras que constitúan o feito impositivo deberá presentar no momento da solicitude segundo se trate de obras de carácter maior o menor a seguinte documentación:

Obra maior. Impreso de solicitude e Proxecto básico asinado por técnico competente que conterà a documentación mínima requirida polo art. 14 do Regulamento de disciplina urbanística e o art. 6.3.a e o Anexo I do vixente Código Técnico da Edificación, entre outras, o orzamento de execución material das obras que será asinado expresamente polo técnico redactor que será responsable da súa veracidade.

Obra menor. Impreso de solicitude no que se definan as características das obras solicitadas desagregadas por tipo de obra de acordo co anexo á presente ordenanza reflectindo expresamente, segundo o caso, a superficie, lonxitude ou numero de unidades e o prezo unitario aplicado. Noutro caso deberá aportar memoria valorada ou orzamento detallado das obras no que se especifiquen como mínimo os datos referidos anteriormente. Asemade deberá achegar plano de situación e, no seu caso, esbozo das obras a realizar.

3. A cota resultante da autoliquidación provisional, que deberá presentarse cando se solicite a licenza, será o resultado de aplicar o tipo impositivo á base impositiva, que neste caso, determinarase en función do presuposto presentado. A base impositiva será determinada de acordo co custo estimado das obras, que non poderá ser inferior ao calculado aplicando os criterios e valoracións contidas no anexo á presente ordenanza. Noutro caso deberá xustificarse o orzamento declarado aportando informe valoración das obras que inclúa orzamento detallado por unidades de obra a executar coa medición e os prezos unitarios aplicados, con descomposición destes en custes de man de obra, materiais, maquinaria e medios auxiliares, con referencia a bases de datos publicadas por organismos oficiais ou colexios profesionais.

4. A Administración da facenda local poderá realizar unha liquidación complementaria á presentada do importe da autoliquidación, de no ser esta conforme ao establecido nos apartados anteriores, sen prexuízo da posterior liquidación definitiva, que resulte do custo real efectivo das obras, unha vez que aquelas estean finalizadas.

5. Unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras, no caso de que o custo real e efectivo delas sexa superior ou inferior ao que serviu de base impositiva nas autoliquidacións, os suxeitos pasivos presentarán certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, e calquera outro documento que se considere oportuno.

#### **Artigo 9º.- actuacións inspectoras e réxime sancionador.**

1.- A vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva

practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

2.- A Inspección Técnica de Obras do Concello remitirá á Inspección dos Tributos a relación de construcións, instalacións e obras iniciadas ou realizadas sen licenza xunto coa valoración de estas co fin de que esta proceda a incoación das correspondentes actas de inspección.

3.- A inspección e comprobación do imposto realizarase conforme ao previsto na Lei Xeral Tributaria.

4.- A falta total ou parcial de ingreso da débeda tributaria que resulte da correcta autoliquidación do imposto, dentro dos termos establecidos, constituirá unha infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei Xeral Tributaria; e a falta de presentación de forma completa e correcta da declaración, unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da Lei Xeral Tributaria. As demais infraccións tributarias se tipificarán conforme ao previsto na citada Lei.

### **Disposición adicional**

As disposicións desta ordenanza que, reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación i aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

### **Disposición final**

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinte e sete de marzo de dous mil dezaoto, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil dezanove, permanecendo en vigor ata a súa modificación u derogación.

## **Anexo. Orzamentos de execución material mínimos de referencia para construcións, instalacións e obras.**

### **A.1. Definicións**

#### **A1.1. Módulo básico de referencia. Mb**

Corresponde ao custe unitario por m<sup>2</sup>. de superficie construída que serve de base para a determinación do orzamento mínimo de referencia en construcións e obras que nos apartados seguintes sexan referenciadas á súa superficie construída. Asemade o seu valor numérico serve de base para a determinación do orzamento mínimo de referencia en construcións e obras que nos apartados seguintes sexan referenciadas á súa lonxitude construída ou o número de unidades executadas.

O módulo básico de referencia establécese en **500,00€/m<sup>2</sup>**. para o ano 2012. O módulo básico se actualizará anualmente na porcentaxe de variación do Índice ponderado de man de obra e consumo de materiais referido ao total da construción do índice de custes do sector da construción publicado polo ministerio de fomento. A actualización será automática e entrará en vigor ao día seguinte da publicación do índice correspondente ao mes de decembro o día un de xaneiro de cada ano.

#### **A1.2. Superficie construída por uso de acordo co destino predominante nela. Si.**

Defínese a superficie total construída para un uso determinado como a suma da superficie de cada unha das plantas ou zonas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas perimetrais exteriores das fachadas, tanto exteriores como interiores, e os eixes de medianeiras compartidas, se é o caso.

Nas plantas baixo cuberta as superficies das zonas accesibles, que polas súas características construtivas e tipolóxicas sexan susceptibles de ser utilizadas, incluíranse no cómputo cando a súa altura libre sexa superior a 1,5 metros e valoraranse de acordo co uso ao que se destinen.

As superficies exteriores cubertas non pechadas computarán ao 50% para a obtención da superficie construída equivalente.

Unha edificación considerarse incluída no epígrafe que lle corresponda de acordo co destino predominante da superficie, e incluíranse naquel as restantes superficies con destinos minoritarios. Soamente se dividirán en varios epígrafes cando un dos destinos minoritarios ocupe unha superficie maior que o 20% do total. Neste caso valorarase independentemente dita superficie.

#### **A1.3. Superficie executada por unidade de obra de acordo co tipo de obra executado. So.**

Defínese a superficie executada por unidade de obra como a superficie afectada por un determinado tipo de obra medida dentro dos límites definidos polas liñas perimetrais exteriores da mesma.

#### **A1.4. Lonxitude executada por unidade de obra de acordo co tipo de obra executado. Lo.**

Defínese a lonxitude executada por unidade de obra como a lonxitude afectada por un determinado tipo de obra medida dentro dos límites definidos polos puntos extremos da mesma.

**A1.5. Número de unidades de obra de acordo co tipo de obra executado. No.**

Defínese o número de unidades de obra executadas para un mesmo tipo de obra como o número de veces que se executa unha mesma unidade de obra.

**A2. Edificacións de carácter maior.****A2.1 Ámbito de aplicación**

Aos efectos da determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia para establece-la base impositiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras terán a consideración de edificacións de carácter maior as definidas no art 2 da LEI 38/199 de 5 de Novembro de Ordenación da edificación.

**A2.2. Determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia.**

O orzamento de execución material mínimo de referencia das edificacións de carácter maior obterase en función do módulo básico de construción Mb, do coeficiente de tipoloxía de obra Ct, do coeficiente de uso e da superficie construída para cada uso Si

**A2.3. Coeficiente corrector en función da tipoloxía da obra. Ct.**

Establecese un coeficiente corrector do modulo básico de acordo coa tipoloxía da obra de acordo co seguinte cadro

Tipoloxía de obra	Ct
<b>Obras de nova planta e de ampliación</b>	
Edificación illada	1,00
Edificación pegada	0,90
<b>Obras de rehabilitación</b>	
Rehabilitación integral afectando elementos estruturais	1,00
Rehabilitación conservando a estrutura existente	0,65

**A2.4. Coeficiente corrector en función do uso da edificación. Cu.**

Establecese un coeficiente corrector do modulo básico de acordo co uso de acordo co seguinte cadro

Uso predominante	Cu
Hoteis 5*. Edificios bancarios	1,60
Hoteis 4*. Escolas universitarias.	1,40
Hoteis 3*. Clubs sociais. Cines. Balnearios. Salas de festas. Discotecas.	1,30
Apartahoteis. Locais bancarios. Consultorios. Residencias 3ª idade. Tanatorios. Centros de culto. Matadoiros.	1,20
Vivenda. Hoteis 2*. Residencias universitarias. Moteis.	1,10
Vivenda de protección oficial. Hoteis 1*. Oficinas. Garderías. Centros docentes. Hostais residencia. Restaurantes. Salas de exposicións. Piscinas cubertas.	1,00
Bares. Mercados.	0,90
Centro comercial. Bungalows. Servizos cámpings.	0,80
Locais e establecementos comerciais.	0,70
Piscinas descubertas.	0,65
Garaxes e aparcadoiros. Estacións de servizo.	0,40
Rochos. Locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico	0,35
Almacéns. Granxas. Naves explotacións agropecuarias. Naves industriais. Depósitos. Bancadas. Panteóns (por nicho).	0,30
Obras de urbanización (adscribas á edificación). Parcelas cámpings.(1)	0,10

(1)Coeficiente de tipoloxía para obras de nova planta Ct=1

**A2.5. Cálculo do orzamento de execución material mínimo de referencia. OEMb**

O orzamento de execución material mínimo de referencia de edificacións de carácter maior obterase en función do módulo básico de construción Mb, do coeficiente de tipoloxía de obra Ct, do coeficiente de uso Cu e da superficie construída para cada uso Si, de acordo coa seguintes fórmula:

$$OEMb = Mb \times Ct \times \Sigma(Si \times Cu).$$

Sendo  $\Sigma(Si \times Cu)$  o resultado da suma das superficies construtivas para cada uso ponderadas no coeficiente corrector Cu para cada uso tendo en conta o especificado no apartado A.2.4

**A3. Obras de demolición.****A3.1 Ámbito de aplicación**

Aos efectos da determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia para establece-la base impositiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras estarán incluídas no presente apartado todas as obras de demolición de edificacións e instalacións.

### A3.2. Determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia.

O orzamento de execución material mínimo de referencia das obras de demolición de edificacións obtense en función do módulo básico superficial de construción Mb, e da superficie construída Si sen distinción do uso ao que se dedica a edificación de acordo coa seguinte fórmula.

$$OEMb = 0,02 \times Mb \times Si$$

### A4. Edificacións e obras de carácter menor

#### A4.1 Ámbito de aplicación

Aos efectos da determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia para establece-la base impositiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras terán a consideración de edificacións ou obras de carácter menor as incluídas nos supostos contemplados no apartado 2 do artigo 14 do Regulamento de Disciplina Urbanística. (decreto 28/199 do 21 de Xaneiro) así como aquelas obras que non estando incluídas no citado artigo e precisando polo tanto proxecto asinado por técnico competente, se relacionen no apartado seguinte.

#### A4.2. Determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia.

O orzamento de execución material mínimo de referencia das obras e edificacións de carácter menor obtense en función do módulo básico de construción Mb ponderado por un coeficiente Co de acordo co seguinte cadro. e, segundo o caso, da superficie executada por unidade de obra de acordo co tipo de obra executado So, da lonxitude executada por unidade de obra de acordo co tipo de obra executado Lo ou do número de unidades de obra de acordo co tipo de obra executado No,

No caso de obras compostas por distintas unidades de obra o orzamento total de execución material mínimo de referencia obtense sumando os distintos orzamentos parciais.

<b>Obras referenciadas á superficie executada</b>		
Tipo de Obra	Co	€/m <sup>2</sup> . 2012
M <sup>2</sup> . Construción de galpón ou alpendre aberto	0,200	100,00
M <sup>2</sup> . Construción de galpón ou alpendre pechado	0,300	150,00
M <sup>2</sup> . obras de reforma e acondicionamento interior en vivendas e oficinas	0,500	250,00
M <sup>2</sup> . obras de reforma e acondicionamento interior en locais comerciais	0,560	280,00
M <sup>2</sup> . obras de reforma e acondicionamento interior en locais hostalería	0,720	360,00
M <sup>2</sup> . obras de reforma e acondicionamento interior en explotacións agropecuarias	0,150	75,00
<sup>2</sup> M <sup>2</sup> . Renovación de cubrición sen afecta-lo taboleiro base	0,061	30,50
M <sup>2</sup> . Rehabilitación de cuberta i/ taboleiro base	0,150	75,00
M <sup>2</sup> . Renovación de carpintería exterior	0,500	250,00
M <sup>2</sup> . Instalación de persianas ou rexeas exteriores	0,180	90,00
M <sup>2</sup> . Muro de cachotería	0,230	115,00
M <sup>2</sup> . Cerramento exterior de fábrica de ladrillo ou bloque + illante	0,075	37,50
M <sup>2</sup> . Rexuntado/encintado de pedra en fachadas	0,035	17,50
M <sup>2</sup> . Chapado exterior de lousa ou granito	0,120	60,00
M <sup>2</sup> . Revestimento exterior de morteiro de cemento	0,045	22,50
M <sup>2</sup> . Pintura exterior en fachadas	0,015	7,50
M <sup>2</sup> . Pavimentación exterior	0,035	17,50
M <sup>2</sup> . Revestimentos interiores (recebo, tendidos)	0,012	6,00
M <sup>2</sup> . Azulexados interiores	0,070	35,00
M <sup>2</sup> . Pavimentos interiores	0,070	35,00
M <sup>2</sup> . Falsos teitos interiores	0,035	17,50
M <sup>2</sup> . pintura interior	0,008	4,00
M <sup>2</sup> . reperc. de inst. de fontanería e saneamento en vivenda ou local	0,025	12,50
M <sup>2</sup> . repercusión de instalación de electricidade en vivenda ou local	0,045	22,50
M <sup>2</sup> . repercusión de instalación de climatización en vivenda ou local	0,085	42,50
M <sup>2</sup> . instalación de paneis solares térmicos ou fotovoltaicos en edificios	0,660	330,00
M <sup>2</sup> . Piscina	0,650	325,00
M <sup>2</sup> . Muro de contención	0,150	75,00
M <sup>2</sup> . Marquesiña ou toldo	0,220	110,00
M <sup>2</sup> . Rotulo ou cartel publicitario	0,600	300,00

<b>Obras referenciadas á lonxitude executada</b>		
Tipo de Obra	Co	€/m Ano 2012
M Varanda de edificación	0,320	160,00
M Peche de finca con postes e tela metálica	0,045	22,50
M Peche de finca con muro de fábrica ou rexa metálica	0,135	67,50
M canalización de evacuación de augas	0,085	42,50
M canalización de abastecemento de auga	0,060	30,00

M canalización eléctrica	0,060	30,00
M rampla salva cunetas i/canalización	0,110	55,00

<b>Obras referenciadas ao numero de unidades executadas</b>		
Tipo de Obra	Co	€/Ud Ano 2012
Ud. Pozo de auga	5,000	2500,00
Ud. Fosa séptica + sistema filtrante i/ rede de conexión	3,000	1500,00
Ud. Instalación completa de cociña en vivenda	8,000	4000,00
Ud. Instalación completa de baño ou aseo en vivenda ou local	9,000	4500,00
Ud. Instalación de ascensor en edificio	24,000	12000,00
Ud. Instalación de antena TV en edificio	1,000	500,00
Ud. Instalacións de depósito de combustible	10,000	5000,00
Ud. Instalación de poste	1,200	600,00

#### 1.04ª.- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

##### Artigo 1º

A partires do un de xaneiro de mil novecentos noventa e dous, esixirase no Concello da Pobra de Brollón o Imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E.) de conformidade co establecido na lexislación vixente.

##### Artigo 2º

O Concello delega na Administración do Estado as competencias que sobre este imposto lle correspondan e que a lexislación vixente establece como delegables, con subxección ás condicións que se establezan.

##### Artigo 3º

Establécese no 1,4 o coeficiente de incremento previsto no artigo 88 da Lei 39/1.988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Non se establece ningún índice de situación, polo que será de aplicación en todo o Concello o 1.

##### Artigo 4º

1.- Gozarán dunha bonificación na porcentaxe que se indicará no punto 3, da cota íntegra do imposto, aquelas actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno.

2.- Dita bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

3.- As porcentaxes a que se refire o punto 1, son as seguintes.

Porcentaxe	Condición
95%	Pola creación de máis de 20 postos de traballo.
75%	Pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
50%	Pola creación de ata 10 postos de traballo.

4.- A bonificación que se conceda terá aplicación durante tres exercicios orzamentarios.

5.- Os postos de traballo creados deberán manterse polo menos durante os exercicios de vixencia da bonificación.

6.- A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

7.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non ca suxeito pasivo.
- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.

~ Licenza ou comunicación da actividade correspondente.

8.- Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

9.- Os obrigados tributarios deberán comunicar ao concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia



do abrigado tributario por un prazo de dez días, (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dita prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

#### **Disposición final:**

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinte e sete de marzo de dous mil dezaoto, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil dezanove, permanecendo en vigor ata a súa modificación u derogación.

#### **2.03ª.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de apertura de establecemento.**

##### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por licenza de apertura de establecemento”, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

##### **Artigo 2º.- Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a comprobar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outra esixida polas correspondentes Ordenanzas e Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento polo Concello da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

2. A tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento ou calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.
- d) O cambio de titular da actividade.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda aquela edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, profesional, fabril, artesá, da construción, comercial ou de servizos, estea ou non suxeita, ó Imposto sobre Actividades Económicas.
- b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades, que sirvan de auxilio ou de complemento para aquelas, ou teñan relación con elas de forma que lle proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

##### **Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, se é o caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

##### **Artigo 4º.- Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

##### **Artigo 5º.- Cota tributaria.**

1. A cota tributaria desta taxa será de setenta e dous euros (72,00€) no núcleo da Pobra e de sesenta euros (60,00€) no resto do concello.
- 2.- Para as actividades suxeitas o Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.), a cota tributaria será igual, por unha sola vez, ó importe anual de dito imposto.
3. A cota tributaria esixirase por unidade de local e por cada actividade que se desenrole, aínda que sexa no mesmo local.

4. Nos casos de variación ou ampliación da actividade a desenvolver no establecemento suxeito, ou de cambio de titular, a cota tributaria será o 50% da establecida no punto 1 deste artigo.

5. No caso de desestimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, as cotas a liquidar serán o cincuenta por cento das sinaladas no número anterior, sempre que a actividade municipal se iniciara efectivamente.

#### **Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.**

Non están suxeitos á taxa que regula esta ordenanza os autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación da comunicación previa para a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

#### **Artigo 7º.- Devengo.**

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

2. Cando a apertura xa tivo lugar sen obterse a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou decretar o peche, se non fora autorizable dita apertura.

3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada de ningún modo pola denegación da licenza solicitada, pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

#### **Artigo 8º.-Declaración.**

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento industrial ou mercantil, presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local. No seu caso xuntarán copia da alta no I.A.E..

2. Se despois de formula-la solicitude da licenza de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento estas modificacións poñeranse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixe na declaración prevista no número anterior.

#### **Artigo 9º.- Liquidación e ingreso.**

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez ditada a Resolución municipal que proceda sobre a licenza de apertura, practicarase a liquidación correspondente pola taxa, que se notificará ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais, utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

2. Se o solicitante non entregou copia da alta no I.A.E. estando obrigado a facelo, practicarase liquidación provisional pola cota que corresponda os epígrafes declarados.

3. Unha vez presentada a alta, practicarase liquidación definitiva, procedéndose á devolución ou ingreso da diferenza entre esta e a provisional segundo proceda.

#### **Artigo 10º.- Infraccións e sancións.**

No relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

#### **Disposición final:**

A redacción definitiva da presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o vinte e sete de marzo de dous mil dezoito, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Pobra do Brollón, 27 de febreiro de 2019.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 0632

**RÁBADE**

*Anuncio*

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro canon da auga e recollida de lixo do 1º bimestre do exercicio 2019.

Por Decreto da Alcaldía de data 26 de febreiro do 2018, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente o primeiro bimestre do exercicio 2019, cuxo importe total ascende a cantidade de " 77.571,80 " (setenta e sete mil quinientos setenta e un con oitenta) euros, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 ó 31 de marzo do 2019.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía , no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 26 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0633

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

#### *Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **22 de febreiro de 2019**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**XOVE: titular: DON CESÁREO RAMOS DÍAZ. DNI nº 33995461N.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 25 de febreiro de 2019.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 0634

#### *Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **22 febreiro de 2019** acordou nomear, por u período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente dado que, ou ben no concurso que convocou esta Sala de Goberno non houbo ningún solicitante ou ben os solicitantes non foron considerados idóneos para o desempeño do cargo, e tendo en conta, así mesmo, que os respectivos concellos non elixiron no seu día ningunha persoa para os ditos cargos.

**LÁNCARA: substituta: DOÑA SARA MONTES LÓPEZ. DNI 33856562X.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalguna incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 25 de febreiro de 2018.-A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 0635

### XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

#### *Anuncio*

D/D<sup>a</sup> MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento PROCEDIMIENTO ORDINARIO 194 /2017 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/D<sup>a</sup> OSCAR VAZQUEZ ROUCO contra la empresa CASTRO BARREDO S.L., sobre ORDINARIO, se ha dictado sentencia en fecha 22 de febrero del año en curso, cuya parte dispositiva se adjunta: "FALLO.- ESTIMO la demanda formulada por Don Óscar Vázquez Rouco frente a Castrobarredo S.L y a Don Pablo Barja Veiga y, en consecuencia, condeno a los demandados a abonar de forma solidaria al primero la suma de **3.761,80euros** como cantidades adeudadas en concepto de salarios, dietas y atrasos debidos (tal y como se explica en el Fundamento de Derecho I), así como el interés del art. 29.3 ET.-El FOGASA deberá de pasar por resuelto en la presente resolución.-Inscríbese la presente resolución en el Libro de Sentencias dejando testimonio de la misma en el presente procedimiento.-Notifíquese esta sentencia a las partes advirtiéndoles que contra ella cabe recurso de suplicación que deberá de ser anunciado en el plazo de 5 días a contar desde la notificación de esta sentencia.-Así lo pronuncio, mando y firmo. María Gabriela Gómez Díaz.-Rubricado".

Y para que sirva de notificación en legal forma a **CASTROBARREDO S.L.**, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de **Lugo**.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, a veintiséis de febrero de dos mil diecinueve.-LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.

R. 0636